

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º PRIMARIA

Curso 2021-22

**C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
(Redondela)**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.	
1.1. Introducción.	3
1.2. Contexto socioeconómico.	3
1.3. Características do centro.	3
1.4. Características do alumnado.	4
2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.	5
3. PROGRAMACIÓNS DAS DISTINTAS ÁREAS.	7
4. TEMPORALIZACIÓN.	
4.1. Calendario escolar.	7
4.2. Horario.	9
4.3. Temporalización das unidades didácticas.	10
5. METODOLOXÍA.	10
5.1. Metodoloxía no caso de actividade lectiva non presencial.	11
6. MATERIAIS e RECURSOS DIDÁCTICOS.	12
6.1. Materiais e recursos no caso de actividade lectiva non presencial.	13
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN e PROMOCIÓN.	13
7.1. Cualificación no caso de actividade lectiva non presencial.	14
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO e A PRÁCTICA DOCENTE.	15
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.	16
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	17
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS e EXTRAESCOLARES.	20
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN e MODIFICACIÓN.	20

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. Introducción.

A finalidade de esta programación é asegurar unha formación común a todos os nosos alumnos/as que lles permita afianzar o seu desenvolvemento persoal, académico, as súas habilidades sociais, hábitos de traballo e estudo, sentido artístico, creatividade e afectividade.

Esta programación responde a un intento de racionalizar a práctica educativa, co obxecto de que esta non se desenvolva de forma arbitraria senón que obedeza a un plan.

1.2. Contexto socioeconómico.

Esta programación vaise desenrolar no CEIP de Cedeira, centro de educación infantil e primaria, situado na parroquia de San Andrés de Cedeira no concello de Redondela (Pontevedra). Esta parroquia de máis de 2.000 habitantes, ten unha extensión de 5,8 km² e conta con 7 núcleos de poboación denominados: Aldea, Rande, Eira Pedriña, A Formiga, Fortóns, A Portela e Cruceiro (o noso centro atópase nesta poboación).

O concello de Redondela, ao que pertence o cento, ten 29.918 habitantes e unha extensión de 52 Km². Está situado no interior da ría de Vigo, e pertence a comarca de Vigo, polo que está moi ligada social e economicamente a esta cidade.

A maior parte da poboación traballa no sector secundario, en actividades relacionadas coa automoción e co mar e no sector terciario.

1.3. Características do centro.

O centro é un CEIP dunha liña, ten 3 aulas de infantil e 6 de primaria. O equipo docente está formada por 16 mestres, 9 con funcións de titoría e os restantes con especialidades: música, inglés, educación física, relixión, orientación, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. Tres deles son itinerantes, un compartido co CEIP de Laredo (Redondela), outro con dúas unitarias da zona e o terceiro cos CEIP Porto Cabeiro (Redondela) e o CEIP Manuel Padín Truiteiro (Arcade).

O centro ten todos os órganos de goberno e de coordinación docente que establece a lexislación vixente.

Con respecto as instalacións, ten un edificio principal onde se atopan as aulas de infantil, primaria, especialidades (inglés, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e

orientación) e os espazos comúns (biblioteca, aula de informática, sala de profesores e dirección).

A aula de música e o comedor escolar atópanse unha ampliación do edificio.

Na zona exterior do edificio hai dúas pistas (unha cuberta e outra descuberta), unha pequena zona cuberta, un parque infantil para nos nenos de infantil e zona arborada.

O Centro ten xornada continua de 09:00 a 14:00 horas. Aínda que neste curso modificáronse os horarios de entrada e saída dos distintos cursos para cumprir co plan de adaptarnos a situación Covid-19.

O comedor, xestionado pola Xunta, funciona de 13:45 ata as 15:45. Durante este curso prestará servizo en dúas quendas para garantir o cumprimento das normas do plan de adaptación a situación Covid-19.

Este curso, como consecuencia da pandemia, polas tardes non haberá actividades extraescolares no centro.

O transporte escolar, xestionados pola Xunta, funcionara igual.

O profesorado defínese como firme defensor dun modelo de escola pública galega, aberta e pluralista, que ten como principal obxectivo a educación dos seus alumnos/as na liberdade, na tolerancia e no respecto ás diferenzas entre os pobos e ás persoas.

Deféndese e proporciónase a correcta utilización da lingua galega como canle básico para os aprendizaxes e de comunicación entre os membros da nosa comunidade educativa. Todo isto sen menosprezar ó coñecemento da outra lingua oficial, o castelán, e a lingua estranxeira, o inglés.

O centro persegue a utilización de sistemas activos, non autoritarios, que impliquen a participación dos alumnos/as no proceso de aprendizaxe. O labor educativo baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade. Terase en conta a diversidade de ritmos de aprendizaxe, as diferentes capacidades intelectuais e ás características dos nosos alumnos/as para axudalos e que teñan a posibilidade de alcanzar os obxectivos das etapas de educación infantil e primaria.

1.4. Características do alumnado.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de primaria. O grupo está formado por 18 rapaces/as (10 nenos e 8 nenas), a maioría coñécense desde infantil, aínda que o longo da primaria fóronse incorporando novos compañeiros: dous por repetición (un en 1º e outro en 3º) e dous por cambio de centro (un en 2º e outro en 3º). A relación

entre eles en xeral é boa, aínda que prodúcense momentos de tensión provocados polo comportamento de algún compañeiro de nova incorporación.

Co respecto ao nivel académico, é un grupo con diferentes niveis de traballo e capacidades o que fai complicada a planificación do traballo na aula.

- Un pequeno grupo ten un alto nivel de competencia curricular. Amosan autonomía no traballo, rematan as tarefas en tempo e non teñen dificultades en entender e facer os traballos propostos.

- Outro grupo presentan un nivel medio en canto ao desenvolvemento da competencia curricular. Acusan falta de autonomía no traballo de aula, un nivel madurativo algo baixo, amosando certas dificultades para adecuarse ás diferentes situacións que require o día a día da aula, así como na velocidade lectora, conciencia fonolóxica, competencia matemática e orientación espacial.

- Dúos alumnos con moi baixa competencia curricular, especialmente na competencia lingüística: conciencia semántica, expresión e comprensión escrita, ortografía e velocidade lectora. Estes alumnos reciben apoios dentro e fóra da aula por parte das especialista de P.T e A.L.

- Un alumno con unha adaptación curricular, que presenta carencias en todas as áreas e que recibe reforzo e apoio educativo por parte da titora, dos especialistas de P.T. e A.L e dos profesores que entran na aula a reforzar.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Estes obxectivos refírense aos logros que os nosos alumnos deben acadar ao finalizar a etapa de educación primaria.

Como esta programación é unha proposta para o 4º curso, débese ter en conta que os obxectivos da mesma non deben supoñer a consecución plena dos obxectivos de etapa, xa que aínda quedan dous cursos máis para que os alumnos/as poidan acadalos.

Os obxectivos son:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

3. PROGRAMACIÓNS DAS DISTINTAS ÁREAS.

3.1. Ciencias Naturais: Ver Anexos 1.

3.2. Ciencias Sociais: Ver Anexos 2.

3.3. Educación Física: Ver Anexos 3.

3.4. Lingua Castelá: Ver Anexos 4.

3.5. Lingua Galega: Ver Anexos 5.

3.6. Lingua Estranxeira (Inglés): Ver Anexos 6.

3.7. Matemáticas: Ver Anexos 7.

3.8. Música: Ver Anexos 8.

3.9. Plástica: Ver Anexos 9.

3.10. Relixión: Ver Anexos 10.

3.11. Valores: Ver Anexos 11.

4. TEMPORALIZACIÓN.

4.1. Calendario escolar.

A disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece que as administracións educativas fixarán anualmente o calendario escolar e que este comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para o ensino obrigatorio.

Na orde do 19 de maio de 2021, aprobouse o calendario escolar para o presente curso nos centros sostidos cos fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Durará

unhas 30 semanas, abranguerá desde o día 1 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2022, tendo en conta as posibles incidencias que poidan darse (actividades complementarias, festivais, excursións, etc.), a organización do centro e as diferentes efemérides.

As actividades lectivas realizaranse do día 09 de setembro de 2021 ao 22 de xuño de 2022, ambos os dous inclusive.

Os períodos de vacacións serán:

- Nadal: Desde o día 22 de decembro de 2021 ata o día 07 de xaneiro de 2022, ambos os dous inclusive.
- Entroido: Do día 28 de febreiro ata o 02 de marzo de 2022, ambos inclusive.
- Semana Santa: Desde o 11 ata o 18 de abril de 2022, ambos os dous inclusive.

Os días non lectivos serán: As festas de ámbito estatal, os festivos declarados pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia; en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo e as festas laborais de carácter local.

No noso centro serán:

- 11 de outubro (Día do Ensino).
- 12 de outubro (Día del Pilar).
- 01 de novembro (Día de Todos os Santos).
- 06 de decembro (Día da Constitución).
- 08 de decembro (Día da Inmaculada).
- 25 de abril (Festa local).
- 17 de maio (Día das Letras Galegas).
- 16 de xuño (Festa local).

Conmemoracións.

Durante o curso escolar celebraranse, as seguintes conmemoracións:

- 24 de outubro de 2021, Día das Bibliotecas Escolares.
- 25 de novembro de 2021, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 31 de xaneiro de 2021, Día Escolar da Non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022, Día de Rosalía de Castro.
- 08 de marzo de 2022, Día Internacional da Muller.
- Do 07 ao 11 de marzo de 2022, Semana da Prensa.
- 21 de marzo de 2022, Día da Poesía.
- 23 de abril de 2022, Día do Libro.

- Do 16 ao 20 de maio de 2022, Semana das Letras Galegas.

Festas e celebracións

Celebraremos:

- Samaín, o 29 de outubro de 2021.
- Magosto, o 11 de novembro de 2021.
- Semana da inclusión, do 29 de novembro ao 03 de decembro de 2021.
- Nadal, o 21 de decembro 2021.
- Entroido, o 25 de febreiro 2022.
- Semana STEM, do 13 ao 17 de xuño 2022.

Tanto as conmemoracións como as festas anteriormente mencionadas, tendo en conta a situación actual, non se celebrarán de forma grupal. Celebraranse en cada aula (grupos burbulla) e buscarase a forma de compartir a celebración coas distintas clases sen incumprir as normas do plan de adaptación a situación Covid-19.

4.2. Horario.

Na elaboración do horario de aula seguiu-se un criterio de flexibilidade. Buscou-se a correcta distribución das actividades tendo en conta o tempo total das distintas áreas e as características dos nenos/as.

A xornada escolar divídese en 6 sesión de clases e un recreo de 30 minutos. As sesións serán de 45 minutos agás a cuarta que durará 30, que se dedicará a lectura, en cumprimento do Proxecto Lector do centro.

A duración das sesións pódense modificar tendo en conta as incidencias que poidan darse, pola organización do centro ou pola organización das diferentes efemérides.

A distribución horaria semanal das distintas áreas en 4º de primaria é:

Ciencias Naturais	2	Lingua e Literatura castelá	4
Ciencias Sociais	3	Lingua estranxeira	3
Educación artística: Plástica 1 Música 1	2	Matemáticas	4
Educación física.	2	Relixión // Valores	1
Lingua galega e Literatura	3	Hora de libre disposición (Robótica)	1

4.3. Temporalización das unidades didácticas.

Os contidos das distintas áreas están divididos en 12 unidades didácticas (agás nas áreas de Sociais e Naturais que divídese en 6 unidades), traballaranse catro unidades por trimestre (2 nas áreas de Naturais e Sociais) distribuídas en períodos de dúas semanas e media aproximadamente.

A organización do tempo das actividades de ensinanza-aprendizaxe será flexible para adecuarse aos diferentes ritmos e adaptarse, o máximo posible, ás características dos nenos/as.

5. METODOLOXÍA.

Ás ideas metodolóxicas principais nas que se basea esta programación, e que nos levan a actuar de determinadas maneiras son ás seguintes:

A *aprendizaxe* buscada debe ser *significativa e funcional*, na que partimos sempre dos coñecementos que os alumnos xa teñen para relacionalos de maneira significativa cos novos que queremos ensinarlles, ademais de impartir coñecementos útiles para a vida diaria que estean relacionados co mundo que lles rodea, posto que ou seu ámbito é outro tema que tamén teremos en conta á hora de elaborar ás nosas clases.

Calquera momento cos nenos será bo momento para *educar*, para ensinarlles cousas útiles para a súa vida diaria, tanto cando esteamos na aula impartindo unha área concreta, como durante unha saída, ou mesmo ás baixadas ao patio, biblioteca, actividades,... onde os nenos poderán aprender dende conceptos necesarios para a vida diaria como normas de convivencia e respecto, ao que lle daremos grande importancia.

O xogo tomará un papel importante á hora de realizar actividades, deste xeito nenos e nenas obterán outro punto de vista menos serio e máis lúdico.

Traballaremos nun *clima* de seguridade e confianza onde os nenos poidan preguntar e expoñer as súas ideas libremente, tanto aos seus compañeiros como aos seus mestres/as, mellorando así a comunicación na clase.

Favorecerase a relación entre os alumnos e a posibilidade de que entre eles solucionen as súas dúbidas. Non pretendemos practicar unha ensinanza na que os alumnos sexan simples receptores da información, senón que tamén participen no desenvolvemento do seu propio aprendizaxe.

Darase especial importancia as *colaboracións familiares*, tanto á hora de ofrecernos información sobre o alumno, ao cal pódamos axudar á hora de buscar os seus intereses, motivacións, etc.; como para o traballo dentro da aula, onde os pais terán sempre cabida á hora de participar nunha actividade determinada.

Teremos en conta o *nivel* de *desenvolvemento* dous nenos, e que non todos os alumnos/as van ao mesmo ritmo, pero sobre todo, o que máis nos interesa é a *motivación* dos alumnos polo seu aprendizaxe e polos novos coñecementos que se lles imparten, que sintan curiosidade máis alá da innata, e que se preocupen por seguir ampliando os seus coñecementos, para elo debemos conseguir que fagan seu o coñecemento e que se vexan empurrados a coñecer cada día máis.

Estará sempre presente a importancia das aprendizaxes significativas que ofrece a vida cotiá. Pretendemos xerar cariño e actitude positiva cara ás materias organizando unha programación que traballe con materias atractivos para todos os nenos/ás.

5.1. Metodoloxía no caso de actividade lectiva non presencial.

No caso de que as actividades lectivas deban ser non presenciais, seguiremos traballando na mesma liña, empregando unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado sexa o centro do proceso de ensino-aprendizaxe.

O feito de traballar dende a casa implica que debemos propor a noso alumnado, tarefas motivadoras para que non caia na monotonía. Ademais debemos ser máis flexibles, debemos respectar as características individuais e os distintos ritmos do alumnado e debemos ter en conta os medios técnicos que teñen a súa disposición.

As actividades propostas durante este tempo irán dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe e serán deseñadas para chegar a todo o alumnado.

Proporanse actividades fundamentalmente en soporte dixital, pero tamén actividades das de sempre (Exercicios nos cadernos, fichas, traballos de investigación, produción literarias, lecturas...).

Todas estas tarefas realizaranse de forma individual, aínda que unha vez recibidas polo profesor, algunhas delas, serán postas en común nas vídeo clases.

Non nos esqueceremos das actividades complementarias, que propoñan as coordinacións do centro (Biblioteca e Normalización) e que impliquen a participación da familia.

Todas as actividades propostas serán comunicadas os alumnos e a súas familias a

través da Páxina web do colexio, a aplicación Abalar Mobil e das Aulas Virtuais da clase e dos especialistas.

A interacción entre alumnado e profesor será continua, a través da Aula Virtual e das vídeo clases.

Na aula virtual se lle indicará aos alumnos as tarefas que deben realizar, resolveranse as dúbidas que lles xurdan, farase unha explicación xeral da materia e será o medio que utilizarán os alumnos para facer a entrega das tarefas e o profesor para entregar as correccións.

As vídeo clases realizaranse pola mañá dentro do horario escolar e nelas faranse: explicación de contidos, resolución de dúbidas, corrección de tarefas, actividades colectivas, postas en común e utilizaranse como medio para que os alumnos interactúen.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os distintos materiais e recursos que nos axudarán a presentar e desenvolver os contidos que vamos traballar, deben ser variados e de distinta natureza para non provocar a monotonía no traballo na aula.

Os criterios que seguimos para escollelos son: que sexan manipulativos, atractivos e significativos para a aprendizaxe que se propoña.

Todos os materiais e recursos utilizados en cada unha das áreas de este curso están detallados nos anexos de cada área. En liñas xerais serán:

Materiais e Recursos

- Libros do alumno.
- Cadernos de traballo do alumno.
- Fichas: reforzo, ampliación, control e avaliación.
- Recursos fotocopiáveis.
- Guía didáctica do profesor.
- Material manipulable.
- Material funxible.
- Encerado dixital.
- Ordenadores (de aula e da aula de informática).
- Recursos TIC (internet, DVD...).

Recursos humanos

- Titora.
- Mestres/as especialistas.
- Departamento de Orientación.

- Recursos da Biblioteca do centro.
- Saídas didácticas.

6.1. Materiais e recursos no caso de actividade lectiva non presencial.

Para que nosos alumnos poidan continuar dende a súa casa o traballo iniciado nas aulas; a parte dos recursos e materiais que utilizamos na aula, as TIC serán fundamentais, tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias como para que podan continuar traballando na casa.

Botaremos man de todos os materiais e recursos que internet nos ofrezca, tanto recursos interactivos como xogos e fichas, como recursos da rede (páxinas, buscadores, actividades para imprimir....).

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

A avaliación terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Realizarase a través da valoración de: probas escritas ou orais, exposicións tanto orais como escritas, traballos de investigación e actividades individuais ou colectivas.

Tamén valorarase a expresión oral e escrita, a presentación dos traballos, a continuidade nas tarefas, o coidado do material, o esforzo, interese e comportamento do alumno/a.

As actividades de carácter obrigatorio (Deberes, lecturas, traballos...) que non se presenten en prazo e forma, recibirán unha cualificación negativa. De igual forma serán cualificadas as faltas de comportamento.

O peso que cada un destes aspectos terá na nota final de cada unha das áreas está detallado nas programacións de cada áreas.

Os instrumentos que empregarei para a recollida de esta información serán:

- Lista de control, realización de tarefas na aula.
- Lista de control, realización de tarefas na casa.
- Rúbrica, presentación das tarefas e traballos.
- Rúbrica, traballos de busca de información.
- Rúbrica, exposición oral.
- Rúbrica, caderno de clase.
- Lista de cotexo, traballo na aula.
- Lista de cotexo, lecturas da biblioteca de aula.
- Escala de observación, comportamento na clase.
- Escala de observación, respecto ás normas, polo material e polos compañeiros.

Os resultados da avaliación do alumnado expresaranse nos termos seguintes:

IN (Insuficiente)	1, 2, 3 ou 4 puntos.
SU (suficiente)	5 puntos.
Be (Ben)	6 puntos.
NT (Notable)	7 ou 8 puntos.
SB (Sobresaliente)	9 ou 10 puntos.

Considerarase cualificación negativa ao Insuficiente e positivas as restantes.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Para conseguir promocionar, o alumno/a deberá alcanzar como mínimo o 50% de cada un dos mínimos da materia.

O alumno/a que nas tres avaliación dun área, obteña una cualificación positiva terá superada dita área. Se nalgunha das avaliacións ten unha cualificación negativa, aplicaranse as medidas previstas para tentar a súa recuperación. A nota final da área será a media aritmética das notas das tres avaliacións de dicha área.

No caso de alumnos/as con ACS, seguiranse os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular, que será elaborada polo titor e polo equipo de orientación.

7.1. Cualificación no caso de actividade lectiva non presencial.

No caso de que as clases teñan que ser de forma non presencial, a cualificación nas distintas áreas farase a partir do análise, revisión e valoración de: as producións do

alumnado, as tarefas presentadas, as probas para comprobar o dominio dos contidos traballados e as actividades de comprensión lectora.

Sempre se terá en conta as circunstancias de cada alumno e valorarase tanto os prazos de entrega como os contidos dos traballos.

Os instrumentos que utilizarei para recoller e valorar o traballo e a actitude do alumnado serán os mesmos que os utilizados durante a actividade lectiva presencial.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora.

Área: Unidade:				
Indicadores de logro do proceso de ensino	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.				
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
Adoptáronse medidas curriculares axeitadas para os alumnos con NEAE.				
Adoptáronse medida organizativas axeitadas para os alumnos con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
Media				
Valoración				

Área:	Unidade:			
Indicadores de logro da práctica docente	1	2	3	4
Fixéronse explicacións para todo o alumnado.				
Ofrecéuselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisaba.				
Elaboráronse actividades atendendo á diversidade.				
Elaboráronse probas de avaliación adaptadas ao alumnado con NEAE.				
Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función do tema a tratar.				
Combinouse o traballo individual e en equipo.				
Potenciáronse estratexias de animación á lectura.				
Potenciáronse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
Ofrecéuselles ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos...				
Comentouse co alumnado as correccións das probas, traballos...				
Déuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar as correccións.				
Media				
Valoración				

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Durante as primeiras semanas do curso realizaranse aos alumnos/as probas de avaliación inicial para avaliar a súa competencia en comunicación lingüística e matemática. Esta avaliación inicial non só debe recoller a valoración das competencias do alumnado, senón tamén a análise do clima da aula e das relación que se establecen entre os alumnos/as.

O tempo que se fan as probas para avaliar a competencia en comunicación lingüística e matemática, faranse dinámicas de cohesión para favorecer a boa relación do grupo. Estas probas teñen como obxectivo coñecer mellor o estado dos coñecementos dos alumnos/as, para poder determinar o seu nivel inicial e así elaborar un programa de traballo que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén axudarán a localizar a aqueles alumnos que poidan necesitar o apoio do equipo de orientación.

Non se pretende coñecer tódolos aspectos que se poden avaliar na área, senón solo aqueles que sexan máis relevantes.

As probas para avaliar a competencia en comunicación lingüística, centráronse nas capacidades de: expresión oral, expresión escrita, comprensión oral, comprensión escrita e velocidade lectora.

Para avaliar a competencia matemática, centrámonos na resolución de problemas, no cálculo, na numeración, nas unidades de medida e na xeometría.

Despois de realizadas esta avaliacións iniciais, as conclusións obtidas son:

- Con respecto a competencia en comunicación lingüística, a maioría dos alumnos amosan dificultades na comprensión lectora, na expresión escrita e na expresión oral, tanto en galego como en castelán.

E necesitan mellorar moito a fluidez e a velocidade lectora.

- Na competencia matemática, amosan dificultades na resolución de problemas.

Para superar as dificultades nas dúas competencias, traballaremos estes aspectos en dous obradoiros; un de escrita, tanto en galego como en castelán e en outro de problemas. E reforzaremos a lectura en voz alta durante a hora de ler e nas distintas áreas coa lectura en voz alta de todos os enunciados.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Consideramos a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do noso alumnado.

O departamento de orientación será o encargado de xestionar e coordinar as accións que se leven a cabo.

Estas accións estableceranse en tres niveis:

1º - Prevención.

2º - Detección de alumnado con necesidades educativas específicas:

- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Condicións persoais ou familiares desfavorables.

- Altas capacidades intelectuais.
- Dificultades por ingreso tardío no sistema educativo.

3º- Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Estas tarefas quedan especificadas dentro do plan de acción titorial e do plan de convivencia, así como nos plans de apoio dos mestres especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

A atención ao alumnado que presenta necesidades educativas específicas rexeráse polos principios de inclusión e normalidade e abranguerá a todos os alumnos que por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela requira determinados apoios ou atención educativa específica.

Estas medidas poden ser:

- Medidas ordinarias. Todas as que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

Potenciaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos.

- Medidas extraordinarias, son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

Estas medidas de apoio poderán levarse a cabo dentro do grupo, fóra do grupo ou facendo un agrupamento flexible.

Os criterios xerais de actuación serán:

- As medidas de atención a diversidade tenderán sempre a lograr o maior grado posible de integración no grupo de referencia.

- Todos os niveis educativos contarán, dentro do horario, con horas de apoio do profesorado especialista así como de outros profesorado con dispoñibilidade horaria. A distribución destes apoios estará en función das necesidades de cada grupo e coordinaranse dende o departamento de orientación.
- Os apoios ou reforzos dentro ou fora do grupo, tanto a cargo dos titores como especialista tenderán a seguir o currículo ordinario na maior medida posible.
- Os apoios e reforzos de cada materia faranse dentro do horario establecido para a mesma.
- Estableceranse os apoios en función da avaliación das necesidades individuais ou grupais realizada dende o departamento e en colaboración co equipo docente.
- A organización dos apoios e reforzos terá sempre carácter flexible a fin de adaptar a resposta as necesidades de xeito efectivo.
- No caso de alumnado con adaptación curricular significativa seguirase o establecido na mesma con carácter individual.
- As actuacións previstas nos plans de apoio serán trasladadas a xefatura de estudos para a súa aprobación e inclusión na estrutura organizativa do centro.
- Comunicarase ás familias tanto ás actuacións previstas como o seguimento das mesmas procurando a súa implicación no proceso.

O Departamento de orientación asesorará en cada caso ás familias para acadar o maior grado posible de colaboración e coordinará se é necesario actuacións cos servizos de atención externa: servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, asociacións, equipo de orientación específico, servizos sanitarios,... etc.

Fixarase as sesión de coordinación, entre o profesorado e o equipo de orientación, necesarias para facer o seguimento dos distintos programas e facer as adaptacións necesarias para cubrir o mellor posible ás necesidades dos nosos alumnos.

Para elaborar as adaptacións que o alumnado con NNEE necesita, partirei dos protocolos e indicacións aportadas polo Departamento de Orientación en cada caso.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Con relación as actividades complementarias e extraescolares remítome ao especificado no apartado de actividades complementarias e extraescolares da PXA do noso centro para este curso 2021-22.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Realizarase unha avaliación desta programación didáctica, unha vez desenvolta, de acordo aos seguintes parámetros.

Programación	1	2	3	4
As actividades seleccionadas son adecuados ás características do alumnado.				
Os obxectivos didácticos programados son alcanzables ou se axustan ás necesidades e intereses do alumnado.				
Os contidos se adecúan aos obxectivos didácticos seleccionados.				
O grao de complexidade dos contidos axústanse ás características psicoevolutivas.				
Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente.				
Os contidos cumpren o principio de globalidade e son integrais.				
As unidades formativas cumpren o principio de especificidade.				
As unidades didácticas réxense por unha temporalización lóxica.				
Media				
Valoración				

Metodoloxía	1	2	3	4
A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.				
É válida nosa metodoloxía para alcanzar os nosos obxectivos e contidos.				
A información inicial é suficiente. É clara e precisa.				
O coñecemento de resultados é explicativo e resolve os problemas de maneira efectiva.				
As estratexias son adecuadas para que o alumno asimile o que vai realizar.				
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.				
Os reforzos que se dan son positivos máis que negativos.				
Media				
Valoración				

Organización	1	2	3	4
A posición do mestre é adecuada tanto na información inicial como no coñecemento de resultados.				
A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de Ensino - Aprendizaxe.				
A organización adáptase ás necesidades específicas dos recursos.				
As tarefas axústase ao desenvolvemento dos nosos contidos.				
Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo ou activo sobre o desactivo.				
O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno e grupo.				
A organización permite a individualización.				
Media				
Valoración				

Cedeira, setembro de 2021.